XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 25 de xaneiro de 2024, polo que se resolve a denuncia e impugnación do representante xeral de VOX do programa de debate electoral de RTVG por falta de imparcialidade e neutralidade dos medios de comunicación de titularidade pública durante a campaña electoral (doc. RE 308/2024).

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

ANTECEDENTES

1. O 22 de xaneiro de 2024, o representante xeral de VOX formaliza unha denuncia e impugnación do programa de debate electoral de RTVG por falta de imparcialidade e neutralidade dos medios de comunicación de titularidade pública durante a campaña electoral (doc. RE 308/2024).

2. O 23 de xaneiro de 2024, logo da reunión da Xunta Electoral de Galicia, trasladóuselle á CRTVG e aos representantes xerais do PP, BNG, PSdG-PSOE, Sumar Galicia e Podemos Galicia, copia da denuncia, aos efectos de formular alegacións. Destes traslados deuse coñecemento ao representante xeral de VOX.

3. Cumprindo o trámite concedido, o 24 de xaneiro de 2024, a Corporación de Radio Televisión de Galicia formulou alegacións.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Os plans de cobertura informativa dos medios de comunicación de titularidade pública en período electoral deben responder aos principios de pluralismo político e social, igualdade, proporcionalidade e neutralidade informativa na programación, como esixe o artigo 66.1 da LOREX e desenvolve a Instrución 4/2011, da Xunta Electoral Central, do 24 de marzo, sobre interpretación deste precepto no relativo ás garantías de respecto aos principios subliñados.

Segundo. Estas garantías de respecto se plasman, entre outros extremos, no establecemento dos recursos contra os plans de cobertura informativa, regulados no apartado quinto da precitada Instrución, e contra as actuacións e programas emitidos con incidencia electoral, consonte o apartado sexto.

Terceiro. A doutrina da Xunta Electoral Central aplicable, no que eiquí interesa, sinala que:

— Os principios de pluralismo político e social, igualdade, proporcionalidade e neutralidade informativa implican dar un trato similar ás formacións que se atopan en similar posición ante o electorado "*como consecuencia dos resultados obtidos nas últimas eleccións equivalentes ou como consecuencia da súa consideración como grupos políticos significativos"* (Ac. do 21 de maio de 2019).

— As funcións das xuntas electorais en relación coa cobertura da campaña electoral polos medios de comunicación de titularidade pública, como sinala o artigo 66 da LOREX, *"limítase a resolver as reclamacións e recursos que as formacións concorrentes ás eleccións poidan presentar contra as decisións dos órganos de administración dos referidos medios".*

En suma, "a súa competencia circunscríbese a decidir se as actuacións impugnadas polos representantes das candidaturas vulneran os principios de pluralismo político e social, igualdade, proporcionalidade e neutralidade informativa, expresamente garantidos polo artigo 66 " (Ac. do 26 de maio de 2019).

— A non competencia "*para resolver sobre feitos xurídicos hipotéticos ou futuros ata tanto estes non se produzan*" (por todos, Ac. do 7 de xullo de 2022)

Cuarto. No presente caso Vox denuncia non ter recibida invitación a participar nos debates electorais da CRTVG, en concreto na Televisión de Galicia, que segundo diversas publicacións dixitais terán lugar o vindeiro 5 de febreiro.

Esta Xunta Electoral, vistas e comprobadas as alegacións formuladas pola Corporación de RTVG, como ten reiterado a Xunta Electoral Central (Ac. 16/05/2005, 4/2/2021 e 7/7/2022) non pode pronunciarse sobre feitos hipotéticos e futuros, polo que, como a denuncia se presenta cando non estaba remitido a esta Xunta electoral o Plan de cobertura informativa, que segundo se recolle na Instrución da Xunta Electoral Central 4/2011, do 24 de marzo, de interpretación do artigo 66 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, no relativo ás garantías de respecto aos principios de pluralismo, igualdade, proporcionalidade e neutralidade informativa polos medios de comunicación en período electoral recolle que os órganos de dirección dos medios de titularidade pública someterán ás Xuntas Electorais competentes os seus plans de cobertura informativa da campaña electoral, nos que incluirán os debates, entrevistas e programas específicos de natureza electoral que pretendan realizar, así como os criterios sobre a información específica relativa á campaña electoral, polo que non resulta posible materialmente dar cumprimento ao solicitado.

A maior abundamento, alega a CRTVG que a formación recorrente obtivo un 2,05% dos votos válidamente emitidos nas eleccións ao Parlamento de Galicia celebradas o 12 de xullo de 2020, dato moi afastado da cifra requirida polo artigo 66 da LOREX e pola Instrución XEC 4/2011, do 24 de marzo, de interpretación do artigo 66 da LOREX, que riquire un limiar dun número de votos igual ou superior ao 5% dos votos válidamente emitidos.

Aprecia esta Xunta Electoral que o dato é extrapolable ás restantes eleccións (locais e xerais do ano 2023, nas que VOX obtivo un 0'63% e un 4'87% do voto nas catro circunscripcións galegas), tendo sida clara a Xunta Electoral Central a este respecto (por todos, *vid*. Acordo XEC 672/2019: "Acordo XEC 672/2019, de 6 de novembro: (...) *Como se pone de relieve en el Acuerdo de la Junta*

Electoral Provincial de Cádiz, en las anteriores elecciones al Congreso de los Diputados Recortes Cero-Grupo Verde no obtuvo representación en la provincia de Cádiz ni alcanzó un porcentaje de votos que permita su consideración como grupo político significativo, al no haber conseguido el 5% de votos exigido por la Instrucción 4/2011 de la Junta Electoral Central. Por ello, el tiempo de información dedicado a esta formación deberá ser el aplicable a todo el resto de candidaturas que ni obtuvieron representación ni pueden ser consideradas como grupo político significativo. En consecuencia el tratamiento que hace el Plan de Cobertura Informativa del citado medio no ha vulnerado ninguno de los principios establecidos en el artículo 66 de la LOREG.").

Así o ten reiterado esta Xunta Electoral no seo do proceso electoral do 18 de febreiro de 2024 en curso, no seu recente acordo do 20 de xaneiro de 2024, polo que, e logo do exame do escrito de consulta formulado por CRTVE á Xunta Electoral de Galicia relativo ao tratamento a dispensar ás coalicións electorais Podemos Galicia e Sumar Galicia, a Xunta Electoral del Galicia mostra a súa aquiescencia aos criterios formulados pola CRTVE, consonte aos cales tan só lles outorga a condición de grupo político significativo ex. 66 LOREX ás devanditas coalicións electorais, e non a outras formacións políticas.

Informar ao denunciante que, unha vez aprobado o plan pola Corporación e remitido a esta Xunta electoral e tal e como preceptúa a referida Instrución 4/2011, do 24 de marzo, no seu apartado quinto, relativo a recursos contra os plans de cobertura informativa da campaña electoral, esta Xunta Electoral poñerá a disposición dos representantes xerais os planes de cobertura informativa da campaña electoral remitidos polos medios públicos, concedéndolles un prazo para que poidan, no seu caso, formular as reclamacións ou recursos que estimen oportunos.

Consecuentemente, adóptase o seguinte

ACORDO

O arquivo da denuncia.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 10:30 horas do próximo día 28 de xaneiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal